

# Millo forraxeiro en Galicia: avaliación de variedades (1999-2024)

Preséntanse os resultados do estudo levado a cabo polo CIAM, no que se analizaron 33 variedades enviadas polas casas comerciais, das cales 20 foron ensaiadas por primeira vez. Como resultado destes 25 anos de ensaios, avaliáronse un total de 472 variedades nas catro localidades, situadas nas comarcas con maior produción de millo forraxeiro e que abranguen tamén zonas xeográficas e edafoclimáticas distintas.

**María José Bande Castro**
Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM)
Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal), Xunta de Galicia

No ano 2024 o cultivo de millo forraxeiro en Galicia supuxo máis de 74.700 hectáreas, o 77,7 % da superficie total estatal. Isto é indicativo de que as explotacións gandeiras leiteiras no norte de España, e en concreto en Galicia, manteñen a tendencia de usar o millo forraxeiro ensilado para alimentación do gando. É un cultivo interesante para o gandeiro porque se obteñen altos rendementos por hectárea, a súa colleita é rápida e é doado de ensilar e de integrar nos sistemas de alimentación *unifeed*.

A importancia do millo forraxeiro na alimentación de ruminantes débese a que é un alimento cun elevado contido enerxético, dado o alto contido en amidón e a boa dixestibilidade das súas partes verdes; a isto hai que engadir unha baixa taxa de degradación ruminal que permite unha mellor actividade da microbiota, liberando enerxía lentamente, o que posibilita un incremento na eficacia de síntese de proteína microbiana cando hai dispoñibilidade de nitróxeno.

A investigación sobre mellora xenética en híbridos de millo destinados a alimentación animal ten como obxectivo a obtención de variedades con alto contido en amidón e resistentes ao encamado, pero, sobre todo, orientadas a incrementar a dixestibilidade da parte verde da planta, na procura dunha mellora da dixestibilidade por diminución da cantidade de fibra non dixestible. Estes procesos de mellora deron lugar a incrementos significativos do rendemento e da calidade do cultivo. Así mesmo, é importante a avaliación destas variedades obtidas mediante a mellora xenética, xa que, cando se cultivan en Galicia, poden ter uns resultados diferentes aos acadados nos países de orixe, debido á singularidade das características edafoclimáticas.

A PRODUCIÓN DE MILLO EN CADA ZONA ESTÁ MOI CONDICIONADA POLAS CARACTERÍSTICAS EDÁFICAS DO SOLO E POLAS CONDICIÓNS CLIMÁTICAS DURANTE A FASE DE CRECEMENTO DO CULTIVO (TEMPERATURA, CANTIDADE E MOMENTO DAS CHUVIAS ETC.)



A produción de millo en cada zona está moi condicionada polas características edáficas do solo e polas condicións climáticas durante a fase de crecemento do cultivo (temperatura, cantidade e momento das choivas etc.), o que provoca variacións interanuais de rendemento e calidade para a mesma variedade, que poden chegar a ser moi importantes. Por isto, é desexable dispor de datos de máis dun ano, para describir agronomicamente unha variedade.

No ano 1999 iniciouse en Galicia a avaliación de variedades comerciais de millo forraxeiro, mediante unha rede de catro campos, usando un deseño experimental de bloques ao azar con tres repeticións. Desde entón, **realizouse ano tras ano sen interrupción**. O obxectivo desta avaliación é que os agricultores e gandeiros da comunidade dispoñan de información do rendemento e calidade nutritiva do cultivo á hora de elixir a variedade ou variedades a sementar ao ano seguinte.

Cada ano realízanse ensaios en campos experimentais sementados en catro localidades: 1) A Mariña Oriental (nordeste de Lugo), 2) Sarria (centro-sur de Lugo), 3) Deza (nordeste de Pontevedra) e 4) Ordes (centro de A Coruña).

Os pasos levados a cabo durante a avaliación son os seguintes: preparación concienciuda da cama de sementeira, toma de mostra de solo para análise físico-química completa, cálculo da dose de fertilizante,





PORTFOLIO

> **Osiko.** Ciclo 500 **NOVEDAD**
**MABEGONDO 2025 (GALICIA)**
**RMS (T/Ha): 25,7. IP: 136**
**Espiga (%MS): 53**

> **Kalabre.** Ciclo 400
**MABEGONDO 2025 (GALICIA)**
**RMS (T/Ha): 23,9. IP: 127**
**Espiga (%MS): 45,9**

> **Traduxio.** Ciclo 300
**MABEGONDO 2025 (GALICIA)**
**RMS (T/Ha): 24,8. IP: 132**
**Espiga (%MS): 50**

> **Facina.** Ciclo 200
**MABEGONDO 2025 (GALICIA)**
**RMS (T/Ha): 24,9. IP: 131**
**Espiga (%MS): 51,2**




**Polígono Industrial Onzonilla.** C/ Valle del Silencio. Parcela 27 • 24009 León
Telf.: 987 24 76 08 • 639 832 547 • 671 013 625
**www.caussadesemillas.com • info@caussadesemillas.com**

fertilización, aplicación de fitosanitarios (insecticida e herbicida), delimitación das parcelas, sementeira manual cunha densidade inicial de 180.000 plantas ha$^{-1}$, rareo manual para deixar 90.000 plantas ha$^{-1}$; control da data de floración feminina, das alturas e da produción de cada variedade en cada repetición.

A colleita realízase no momento en que o estado medio das mazarocas das tres repeticións acada o estado pastoso-vítreo (liña de leite a 1/3-1/2 do ápice), pois preténdese recoller cada variedade no momento óptimo recomendado para ensilar. **Isto obriga a facer unha recollida progresiva e graduada das variedades durante aproximadamente un mes e medio, o que implica realizar dous-tres controis semanais, demandando moita man de obra e desprazamentos aos lugares de ensaio**.

As mostras de millo despois da colleita envíanse ao laboratorio, onde se determina o contido en materia seca en estufa, e o seu valor nutritivo mediante a recollida de espectros no NIRS (Espectrofotómetro de Reflectancia no Infravermello Próximo). Así mesmo, anualmente analízanse todos os datos dispoñibles desde 1999 polo método estatístico de mínimos cadrados, incorporando



os novos, de modo que cada variedade avaliada se pode comparar con todas e cada unha das restantes.

Os resultados obtidos publícanse anualmente nun díptico informativo, que se distribúe entre cooperativas agrarias e agricultores individuais a través das oficinas agrarias comarcais, e tamén está dispoñible na páxina web: http://www.ciam.gal.

## TÁBOAS DE RESULTADOS

Nas seguintes táboas exponse a información necesaria para unha boa escolla da variedade que se recomenda usar, en función das condicións de cada gandeiro para cada sementeira. Pode darse o caso de que un mesmo gandeiro pode elixir distintas variedades para diferentes parcelas.

Os resultados aparecen divididos en dúas táboas: **táboa 1**, na que se atopan as variedades que, polo menos, foron avaliadas durante dous anos e, polo tanto, con datos de maior fiabilidade, e a **táboa 2**, na que se atopan aquelas variedades cun só ano de experimentación na rede, e os seus resultados considéranse provisionais, dado que un só ano non é suficientemente significativo para facer unha avaliación acertada. ▸▸

**Táboa 1. Resultados das variedades con dous ou máis anos de avaliación**

| VARIEDADE | DÍAS S-C (días) | ALTURA (cm) | ESPIGA (% MS) | RMS (t/ha) | RMOD (t/ha) | IP | DMO (%) | PB (% MS) | ANOS | COMERCIAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BOND | 116 | 295 | 49,8 | 22,2 | 15,3 | 115 | 71,1 | 6,1 | 2 | LIDEA |
| CODIBLUES | 116 | 282 | 49,3 | 22,1 | 15,2 | 114 | 71,8 | 6,3 | 3 | BATLLE |
| KOMPETENS | 116 | 260 | 55,3 | 19,9 | 13,9 | 105 | 72,4 | 6,6 | 2 | KWS |
| BARCELOS | 117 | 266 | 51,3 | 19,6 | 13,8 | 104 | 73,1 | 6,9 | 2 | PROCASE |
| GRIZZLY | 118 | 275 | 53,8 | 21,1 | 15,0 | 113 | 73,9 | 6,7 | 2 | AGROMUNDO |
| LG 31.388 | 118 | 267 | 47,6 | 21,7 | 15,3 | 115 | 73,7 | 6,5 | 2 | LG |
| B2218 | 119 | 259 | 56,7 | 22,1 | 15,8 | 119 | 74,1 | 6,1 | 2 | Procase Select |
| KWS SHAKO | 119 | 300 | 47,3 | 24,4 | 17,2 | 129 | 73,0 | 5,8 | 2 | KWS |
| OTIS | 119 | 267 | 48,6 | 19,2 | 13,4 | 101 | 73,2 | 6,7 | 2 | BATLLE |




MAÍZ SILO
¡también estoy ahí!
Ofrezca a su ganado una alimentación de calidad con nuestros híbridos de alta digestibilidad.
¡Salud animal, rentabilidad y tranquilidad garantizadas!
RGT ELARAXX
RGT MEXXPLEDE
RGT DRAGSTER
RGT OXANDRO
RGT LACTEAXX
¡Yo estoy aquí!
¡Yo estaré ahí!
ragt-semillas.es
R·A·G·T
think SOLUTIONS think RAGT

| VARIEDADE | DÍAS S-C (días) | ALTURA (cm) | ESPIGA (% MS) | RMS (t/ha) | RMOD (t/ha) | IP | DMO (%) | PB (% MS) | ANOS | COMERCIAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SUBMARINE | 119 | 274 | 53,3 | 21,7 | 15,6 | 117 | 74,7 | 6,2 | 2 | CS PRO |
| VOLOS | 119 | 280 | 50,7 | 22,3 | 15,4 | 116 | 72,0 | 6,2 | 3 | FITÓ |
| ALANO | 120 | 270 | 44,4 | 19,5 | 13,4 | 101 | 71,8 | 6,1 | 2 | PROCASE |
| ARECIBO | 120 | 268 | 50,5 | 20,2 | 14,0 | 105 | 72,0 | 6,9 | 2 | PROCASE-DFV |
| DKC 3390 | 120 | 275 | 53,5 | 19,9 | 13,9 | 104 | 72,7 | 7,1 | 2 | MONSANTO |
| LG 31.276 | 120 | 286 | 49,6 | 22,7 | 15,8 | 119 | 72,7 | 6,1 | 2 | LG |
| MALTON | 120 | 255 | 55,9 | 17,3 | 12,0 | 90 | 71,9 | 7,2 | 2 | BATLLE |
| MAS 40.F | 120 | 295 | 46,9 | 25,9 | 17,8 | 134 | 71,6 | 5,9 | 2 | MAS Seeds |
| PHARAON | 120 | 247 | 52,9 | 18,5 | 12,5 | 94 | 70,9 | 6,7 | 6 | ADVANTA |
| QUATRO | 120 | 269 | 52,1 | 20,9 | 14,5 | 109 | 72,0 | 6,6 | 3 | BATLLE |
| ROSALEEN | 120 | 303 | 44,5 | 23,8 | 16,7 | 125 | 72,4 | 5,8 | 2 | ADVANTA |
| BOMBASTIC | 121 | 272 | 53,8 | 21,2 | 14,4 | 108 | 70,9 | 6,9 | 2 | LIDEA |
| DARIDOR | 121 | 268 | 50,5 | 19,2 | 13,5 | 101 | 72,9 | 6,5 | 2 | BATLLE |
| MEXICANA | 121 | 268 | 51,7 | 19,9 | 14,0 | 105 | 73,0 | 6,7 | 2 | PANAM |
| WATSON | 121 | 285 | 50,7 | 22,9 | 16,1 | 121 | 73,3 | 6,7 | 2 | LIDEA |
| CONBRIO | 122 | 265 | 50,7 | 22,5 | 15,5 | 117 | 71,9 | 6,9 | 2 | ROCALBA |
| KIDEMOS | 122 | 265 | 51,6 | 21,6 | 15,3 | 115 | 73,4 | 6,2 | 4 | KWS |
| LUCAM | 122 | 254 | 55,1 | 19,7 | 13,7 | 103 | 72,7 | 6,7 | 2 | EUROARESPA SL |
| BC 306 | 123 | 270 | 46,8 | 21,0 | 14,4 | 108 | 71,5 | 6,6 | 2 | BC |
| DKC 4071 | 123 | 284 | 49,3 | 24,1 | 16,9 | 127 | 73,1 | 6,2 | 2 | MONSANTO |
| FORVIA | 123 | 272 | 52,2 | 20,7 | 14,1 | 106 | 70,9 | 6,7 | 2 | BLUE Semences |
| IZABAL | 123 | 283 | 50,0 | 21,3 | 14,7 | 110 | 71,2 | 6,7 | 2 | PANAM |
| LG 31.277 | 123 | 281 | 49,4 | 23,7 | 16,9 | 127 | 73,7 | 5,8 | 2 | LG |
| METHOD | 123 | 295 | 49,9 | 22,0 | 15,1 | 113 | 71,2 | 6,3 | 2 | LIDEA |
| TALINA | 123 | 275 | 52,8 | 20,3 | 14,2 | 107 | 72,7 | 6,8 | 2 | AGROMUNDO |
| DKC 4117 | 124 | 266 | 52,3 | 21,1 | 14,8 | 111 | 73,2 | 6,5 | 2 | MONSANTO |
| KWS ADAPTICO | 124 | 308 | 46,7 | 23,2 | 16,1 | 121 | 72,0 | 5,6 | 2 | KWS |
| LG 31.295 | 124 | 267 | 47,1 | 23,3 | 16,6 | 125 | 74,3 | 6,3 | 2 | LG |
| LIVORNO | 124 | 288 | 48,5 | 22,2 | 15,3 | 115 | 72,1 | 6,3 | 2 | FITÓ |
| FACINA | 125 | 291 | 51,2 | 24,9 | 17,5 | 131 | 72,8 | 6,1 | 2 | HIGH CYCLE |
| PITCH | 125 | 293 | 51,3 | 22,2 | 15,3 | 115 | 71,9 | 6,3 | 2 | WAM |
| SIMPATICO KWS | 125 | 291 | 51,5 | 23,6 | 16,4 | 123 | 72,2 | 6,4 | 2 | KWS |
| SY MINERVA | 125 | 273 | 50,7 | 22,2 | 15,7 | 118 | 73,5 | 6,2 | 2 | SYNGENTA |
| SY ZEPHIR | 125 | 277 | 49,6 | 22,3 | 15,4 | 116 | 71,6 | 6,6 | 2 | SYNGENTA |
| CHAMBERI | 126 | 278 | 50,5 | 23,8 | 16,7 | 125 | 73,0 | 6,7 | 2 | AGROEUME |
| DEL RÍO | 126 | 267 | 53,1 | 20,4 | 14,2 | 107 | 72,7 | 6,7 | 2 | PROCASE |
| DKC 4114 | 126 | 268 | 54,5 | 21,0 | 14,4 | 109 | 71,7 | 6,4 | 2 | MONSANTO |
| POMPEO | 126 | 269 | 50,8 | 22,5 | 15,6 | 117 | 72,1 | 6,4 | 2 | ROCALBA |
| SY TORINO | 126 | 260 | 54,2 | 24,2 | 17,1 | 128 | 73,3 | 5,7 | 2 | SYNGENTA |
| B 3316 C | 127 | 285 | 51,4 | 22,8 | 15,9 | 119 | 72,5 | 6,1 | 2 | PROCASE |
| BENICIA | 127 | 283 | 53,1 | 21,0 | 14,0 | 105 | 69,4 | 6,1 | 5 | PIONEER |
| MAS 400.D | 127 | 285 | 48,1 | 24,0 | 16,6 | 125 | 72,4 | 5,9 | 4 | MAS Seeds |
| MAS 431.B | 127 | 290 | 52,2 | 24,6 | 16,8 | 126 | 71,1 | 5,9 | 3 | MAS Seeds |
| MT-MOLOSS | 127 | 287 | 46,2 | 22,5 | 15,5 | 116 | 71,3 | 6,4 | 2 | PANAM |
| RGT CONEXXION | 127 | 283 | 50,6 | 22,8 | 15,8 | 119 | 72,0 | 6,3 | 2 | RAGT |
| SY INFINITE | 127 | 281 | 48,6 | 24,0 | 16,7 | 126 | 72,6 | 5,9 | 3 | SYNGENTA |
| AAPOTHEOZ | 128 | 293 | 51,8 | 23,6 | 16,6 | 125 | 73,7 | 5,9 | 2 | ADVANTA |
| AGRAM | 128 | 294 | 49,2 | 22,4 | 15,3 | 115 | 71,6 | 6,0 | 2 | BC |
| AGROSTAR | 128 | 285 | 50,5 | 21,5 | 14,2 | 107 | 68,9 | 6,7 | 4 | LIDEA |
| DKC 4621 | 128 | 279 | 50,8 | 24,2 | 17,1 | 129 | 73,8 | 6,0 | 3 | MONSANTO |
| JOURNEY | 128 | 288 | 48,8 | 23,5 | 16,3 | 123 | 72,1 | 6,1 | 2 | ADVANTA |
| MARCELLO | 128 | 272 | 53,7 | 20,5 | 14,0 | 105 | 71,2 | 6,7 | 2 | KWS |
| RGT EXXEMPLAIR | 128 | 278 | 47,6 | 22,8 | 15,8 | 119 | 72,6 | 5,8 | 2 | RAGT |
| RGT LIPEXX | 128 | 270 | 50,6 | 23,0 | 16,0 | 120 | 72,1 | 6,3 | 2 | RAGT |
| SIRICUS | 128 | 271 | 49,2 | 21,0 | 14,6 | 110 | 72,5 | 6,3 | 2 | AGROMUNDO |
| DEVICE | 129 | 268 | 48,1 | 23,1 | 16,1 | 121 | 73,0 | 6,0 | 2 | SOUFFLET Seeds |
| FILAE | 129 | 277 | 47,3 | 23,8 | 16,8 | 127 | 73,7 | 5,6 | 2 | SOUFFLET Seeds |
| ICARE | 129 | 274 | 51,7 | 23,5 | 16,4 | 123 | 72,6 | 6,0 | 2 | SOUFFLET Seeds |
| INVADOR | 129 | 279 | 51,7 | 23,3 | 16,4 | 123 | 73,0 | 6,0 | 2 | ADVANTA |
| KANU | 129 | 279 | 52,5 | 21,3 | 14,3 | 108 | 70,2 | 6,4 | 2 | BC |
| SY FABIO | 129 | 281 | 50,6 | 23,3 | 16,1 | 121 | 71,8 | 6,0 | 2 | SYNGENTA |
| SY SOLANDRI | 129 | 279 | 51,5 | 22,6 | 15,6 | 117 | 71,9 | 6,1 | 2 | SYNGENTA |
| ZP 299 | 129 | 269 | 50,3 | 23,9 | 16,8 | 126 | 73,4 | 6,6 | 2 | WAM |
| CLARICA | 130 | 265 | 55,0 | 19,5 | 13,1 | 99 | 70,9 | 6,6 | 5 | PIONEER |
| ELZEA | 130 | 282 | 54,3 | 19,2 | 12,9 | 97 | 70,2 | 6,4 | 2 | PANAM |
| LG 31.455 | 130 | 266 | 49,6 | 23,5 | 16,5 | 124 | 73,2 | 6,2 | 2 | LG |
| MANACOR | 130 | 280 | 51,9 | 21,5 | 14,7 | 110 | 71,1 | 6,3 | 3 | FITÓ |

ADVANTA®

CAMPAÑA MAÍZ **2025**

Consigue tu seguro de **resiembra.***



**RUBI**
FAO 500
Para las vacas más exigentes.

NOVEDAD



**INVITATION**
FAO 300-400
El maíz productivo que ofrece la ración ideal de tus vacas.



**INVADOR**
FAO 300
Alta productividad y excelente calidad.

**SOFYA** | **AAPOTHEOZ** | **JOURNEY** | **ROSALEEN**

*Incluye seguro de resiembra **en todas las variedades.**
Consulta las condiciones con **tu distribuidor.**

ADVANTA® es una marca registrada de **Advanta Netherlands Holdings.**

**advantaseeds.es**

| VARIEDADE | DÍAS S-C (días) | ALTURA (cm) | ESPIGA (% MS) | RMS (t/ha) | RMOD (t/ha) | IP | DMO (%) | PB (% MS) | ANOS | COMERCIAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ANADON | 131 | 268 | 48,6 | 22,5 | 15,7 | 118 | 72,6 | 6,3 | 2 | PROCASE |
| BC 418 B | 131 | 286 | 48,3 | 22,9 | 15,9 | 119 | 72,1 | 6,3 | 2 | BC |
| DS 1357 E | 131 | 314 | 49,2 | 25,3 | 17,7 | 133 | 72,6 | 6,6 | 2 | PROCASE |
| DS 1879D | 131 | 285 | 51,1 | 25,0 | 17,6 | 132 | 73,2 | 6,3 | 2 | PROCASE Select |
| PESCALI | 131 | 277 | 49,1 | 23,7 | 16,6 | 125 | 73,0 | 5,7 | 2 | CAUSSADE |
| RULEXX | 131 | 277 | 53,3 | 23,2 | 16,1 | 121 | 72,0 | 6,4 | 2 | RAGT |
| WAMGAL | 131 | 299 | 50,9 | 23,2 | 15,4 | 116 | 69,3 | 5,8 | 2 | WAM |
| BC 406 | 132 | 279 | 51,4 | 23,3 | 16,0 | 121 | 71,5 | 6,7 | 2 | BC |
| DKC 4608 | 132 | 276 | 54,1 | 21,7 | 15,1 | 114 | 72,5 | 6,0 | 2 | MONSANTO |
| DS 0747 | 132 | 275 | 50,9 | 21,2 | 14,9 | 112 | 73,4 | 6,6 | 2 | PROCASE |
| DS 1592 | 132 | 296 | 49,9 | 26,5 | 18,5 | 139 | 72,6 | 6,0 | 2 | PROCASE-DFV |
| LG 30.444 | 132 | 287 | 52,4 | 23,7 | 16,6 | 125 | 73,3 | 6,3 | 2 | LG |
| BRV 2604 D | 133 | 268 | 57,0 | 24,2 | 17,0 | 128 | 73,2 | 6,3 | 2 | PROCASE |
| DEBUSSY | 133 | 273 | 49,3 | 24,5 | 17,2 | 129 | 73,3 | 5,9 | 2 | LIDEA |
| HOTSPOT | 133 | 265 | 54,4 | 24,1 | 17,1 | 128 | 73,8 | 6,1 | 2 | SOUFFLET Seeds |
| LID 5330C | 133 | 264 | 50,1 | 24,8 | 17,4 | 131 | 72,8 | 6,0 | 2 | LIDEA |
| RGT DARKNESS | 133 | 270 | 50,8 | 22,4 | 15,6 | 117 | 72,6 | 5,9 | 2 | RAGT |
| SY BILBAO | 133 | 293 | 47,2 | 24,4 | 17,4 | 131 | 73,9 | 6,4 | 2 | SYNGENTA |
| TRADUXIO | 133 | 274 | 50,0 | 24,8 | 17,5 | 132 | 73,2 | 5,9 | 2 | HIGH CYCLE |
| ZOOM | 133 | 287 | 49,3 | 23,7 | 16,6 | 125 | 72,6 | 5,7 | 2 | LIDEA |
| DA SCIPIO | 134 | 276 | 52,6 | 21,3 | 14,8 | 111 | 72,4 | 6,4 | 2 | PROCASE |
| KWS INTELIGENS | 134 | 291 | 48,8 | 24,8 | 17,4 | 131 | 72,9 | 6,3 | 2 | KWS |
| KWS SELECTO | 134 | 295 | 49,5 | 25,4 | 17,5 | 132 | 72,0 | 6,1 | 2 | KWS |
| NS 3022 | 134 | 282 | 51,3 | 23,4 | 15,8 | 119 | 70,7 | 6,2 | 2 | WAM |
| ANAKIN | 135 | 293 | 49,9 | 25,0 | 17,5 | 132 | 72,9 | 5,7 | 2 | LIDEA |
| HORNET | 135 | 300 | 50,7 | 24,3 | 16,9 | 127 | 72,3 | 5,9 | 2 | LIDEA |
| QUERCI | 135 | 276 | 51,7 | 23,0 | 16,3 | 122 | 73,5 | 5,9 | 2 | CAUSSADE Semillas |
| URBANIX | 135 | 278 | 52,5 | 24,3 | 17,1 | 128 | 73,1 | 6,0 | 2 | RAGT |
| BC 415 | 136 | 277 | 48,7 | 23,3 | 15,9 | 120 | 71,4 | 6,5 | 2 | BC |
| BERLIOZ | 136 | 286 | 49,3 | 27,3 | 18,9 | 142 | 71,8 | 6,1 | 2 | LIDEA |
| DS 1609 E | 136 | 284 | 49,8 | 22,6 | 15,9 | 119 | 72,8 | 5,9 | 2 | PROCASE |
| INDEM 668 | 136 | 285 | 51,0 | 25,5 | 17,6 | 132 | 72,0 | 6,3 | 2 | LIDEA |
| LG 30.369 | 136 | 258 | 52,8 | 21,1 | 14,9 | 112 | 73,7 | 6,3 | 3 | LG |
| SY SANDRO | 136 | 307 | 50,0 | 25,6 | 18,2 | 137 | 73,6 | 6,3 | 2 | SYNGENTA |
| BC 525 | 137 | 275 | 47,7 | 22,8 | 15,8 | 119 | 72,1 | 6,3 | 2 | BC |
| NS 3023 | 137 | 287 | 50,3 | 23,1 | 15,8 | 119 | 71,0 | 6,2 | 2 | WAM |
| FREEMAN | 138 | 282 | 49,7 | 24,9 | 17,4 | 131 | 72,6 | 6,1 | 3 | MAS Seeds |
| MAJSTOR | 138 | 283 | 49,7 | 23,1 | 16,0 | 120 | 72,1 | 6,2 | 2 | BC |
| EPIKUR | 139 | 274 | 51,3 | 25,2 | 17,9 | 135 | 74,1 | 5,8 | 2 | LIDEA |
| SY ARNOLD | 139 | 277 | 51,0 | 22,3 | 15,3 | 115 | 71,2 | 6,1 | 2 | SYNGENTA |
| DS 1916 E | 141 | 288 | 51,0 | 24,6 | 17,3 | 130 | 72,9 | 6,2 | 2 | PROCASE |
| EXPERTIZE | 141 | 274 | 50,8 | 25,9 | 18,3 | 137 | 73,3 | 5,8 | 2 | CS PRO |
| LG 31.390 | 142 | 296 | 50,1 | 24,0 | 16,9 | 127 | 73,2 | 6,2 | 2 | LG |
| ELDORA | 144 | 293 | 48,6 | 22,5 | 15,1 | 113 | 69,9 | 6,5 | 2 | PANAM |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CV (%) | 3,2 | 4,0 | 6,5 | 8,4 | 9,1 | | 1,9 | 5,8 |
| DMS (5%) | 2 | 6 | 1,7 | 0,9 | 0,7 | 5 | 0,7 | 0,2 |

| | |
|---|---|
| Media das testemuñas | 13,3 |

Débese ter en conta que os datos de rendemento serven para comparar unhas variedades con outras, pero non son aplicables para estimar a produción real. Os resultados presentados obtivéronse en condicións óptimas de coidados de cultivo, en pequenas parcelas experimentais, polo que os rendementos obtidos son moi superiores aos que se poden obter nunha parcela real de cultivo dunha explotación.

**Interpretación das táboas**

**Días s-c**. Índice do ciclo ou precocidade de maduración, é dicir, os días que transcorren entre a sementeira e a colleita para ensilar na zona máis fría das estudadas, que é a comarca de Ordes, isto é, con menor integral térmica. Nas zonas con maior integral térmica, temperaturas máis altas no verán, débense restar uns 15 días á cifra da táboa.

**Altura**. Altura total da planta. Unha variedade de elevada altura pode ter maior probabilidade de encamado sobre todo nunha zona de fortes ventos.

**Espiga**. Porcentaxe que representa a mazaroca (carozo+gran) sobre o rendemento en materia seca, compoñente moi relacionado coa calidade nutricional da forraxe.

**RMS**. Expresa rendemento total da planta enteira en toneladas de materia seca por hectárea. ▸▸

# Lidea

## LÍDERES EN MAÍZ

**IZZLI**
CICLO MEDIO-CORTO

**BERLIOZ**
CICLO MEDIO
**Nº1 MILLO FORRAXEIRO CIAM-MABEGONDO**



**LID 6130C**
CICLO MEDIO
**Nº1 SERIDA (Asturias, zona costa occidental)**

**LID 4111C**
CICLO CORTO

**METHOD**
CICLO CORTO




www.lidea-seeds.es

Boost&Go
GRATIS

**ACCIÓN PRECAMPAÑA:**
**Reserva tu semilla**
**Cantidades limitadas**

**É DESEXABLE OU IMPRESCINDIBLE DISPOÑER DE RESULTADOS DE MÁIS DUN ANO PARA DESCRIBIR AGRONOMICAMENTE UNHA VARIEDADE NUNHA ZONA**



### Táboa 2. Resultados das variedades cun só ano de avaliación

| VARIEDADE | DÍAS S-C (días) | ALTURA (cm) | ESPIGA (% MS) | RMS (t/ha) | RMOD (t/ha) | IP | DMO (%) | PB (% MS) | COMERCIAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Camarino | 109 | 285 | 48,9 | 23,0 | 16,2 | 121 | 73,2 | 6,4 | WAM |
| Ronaldinio | 109 | 254 | 48,8 | 22,1 | 15,6 | 117 | 73,5 | 6,9 | KWS |
| Atlántico | 119 | 298 | 47,1 | 23,1 | 16,0 | 120 | 71,9 | 6,6 | ROCALBA |
| Codiese | 119 | 286 | 44,9 | 24,2 | 16,7 | 125 | 71,6 | 6,1 | WAM |
| Filmeno | 119 | 303 | 52,5 | 25,9 | 18,0 | 136 | 72,5 | 6,6 | ROCALBA |
| LG 31.331 | 119 | 280 | 42,5 | 23,1 | 16,2 | 122 | 72,9 | 5,7 | LG |
| Mas 282 K | 119 | 258 | 50,6 | 21,8 | 15,2 | 114 | 72,8 | 6,2 | MAS Seeds |
| RGT Cedexx | 121 | 280 | 50,6 | 23,3 | 16,3 | 123 | 73,1 | 6,2 | RAGT |
| BRV 2631B | 126 | 293 | 47,4 | 24,1 | 16,9 | 127 | 72,8 | 6,2 | PROCASE |
| Kalabre | 126 | 291 | 45,9 | 23,9 | 16,9 | 127 | 73,9 | 5,8 | HIGH CYCLE |
| LID 2888C | 126 | 285 | 48,9 | 22,4 | 15,8 | 119 | 73,2 | 6,1 | LIDEA |
| Oxxandro | 126 | 269 | 52,6 | 25,1 | 17,8 | 134 | 73,7 | 6,1 | RAGT |
| 6130C | 134 | 273 | 48,2 | 24,5 | 16,9 | 127 | 71,4 | 5,7 | LIDEA |
| BC 323 | 134 | 272 | 54,4 | 25,7 | 18,0 | 135 | 72,9 | 6,2 | BC |
| LG 31.459 | 134 | 302 | 54,2 | 26,9 | 19,2 | 144 | 74,3 | 6,3 | LG |
| Osiko | 134 | 277 | 53,0 | 25,7 | 18,1 | 136 | 73,1 | 5,8 | HIGH CYCLE |
| Springstone | 134 | 283 | 52,5 | 26,2 | 18,4 | 138 | 73,0 | 5,9 | CS PRO |
| SY Artos | 134 | 287 | 56,0 | 26,1 | 18,4 | 138 | 73,0 | 6,3 | SYNGENTA |
| SY Stacio | 134 | 286 | 57,3 | 25,8 | 18,4 | 138 | 74,0 | 5,7 | SYNGENTA |
| Talabor | 134 | 267 | 55,0 | 25,1 | 18,0 | 136 | 74,8 | 6,4 | FITÓ |
| CV (%) | 3,2 | 4,0 | 6,5 | 8,4 | 9,1 | | 1,9 | 5,8 | |
| DMS (5%) | 2 | 6 | 1,7 | 0,9 | 0,7 | 5 | 0,7 | 0,2 | |
| Media das testemuñas | | | | | 13,3 | | | | |

**RMOD**. Rendemento da planta enteira en toneladas de materia orgánica dixestible por hectárea. Considérase o dato máis importante para avaliar o rendemento dunha variedade xa que recolle a produción de alimento aproveitable polo animal, é dicir, a parte da materia seca que o animal dixire efectivamente.

**IP**. Índice produtivo. É a porcentaxe que representa o rendemento de cada variedade en materia orgánica dixestible sobre a media do rendemento das testemuñas "Agrostar", "Clarica" e "Pharaon" (13,3 t/ha MOD), ó que se lle outorga o valor 100 para cada campaña. Este permite de xeito rápido ver aquelas variedades que superan a media das testemuñas, facilitando a selección das variedades máis produtivas.

**DMO.** Dixestibilidade in vitro da materia orgánica. Ademais da produción de materia orgánica dixestible por hectárea, é importante a dixestibilidade da ración, dado que inflúe noutros parámetros da alimentación, pois dúas variedades poden ter un similar RMOD, ben debido a unha alta produción de materia seca por hectárea cunha baixa dixestibilidade, ben debido a unha menor produción de materia seca cunha dixestibilidade maior, e non son equivalentes ambas as dúas producións.

**PB**. Proteína bruta, en porcentaxe sobre o rendemento en materia seca, determinada polo NIRS. Aínda que o millo non achega todo o contido proteico necesario para unha ración, hai diferenzas significativas entre as variedades estudadas.

**Anos**. N.º de anos nos que a variedade foi ensaiada.

**Comercial**. Entidade comercializadora da variedade.

**CV (%)**. Coeficiente de variación. É un índice da calidade estatística dos experimentos. Canto máis baixo, mellor.

**DMS (5%)**. Diferenza mínima significativa. É a menor diferenza que debe haber entre dúas variedades para que poidan considerarse diferentes cunha probabilidade do 95 %.

## ELECCIÓN DA VARIEDADE

Non existe a mellor variedade en sentido absoluto. Débese sementar unha variedade que posúa as características máis axeitadas e tamén que sexa capaz de dar a máxima produción en MOD e calidade nas condicións de cada explotación.

O máis importante para a correcta elección da variedade é axustar o ciclo do millo á zona e ó momento da sementeira, é dicir, definir os **días transcorridos entre a sementeira e a colleita (días s-c).**

Isto virá dado pola data na que queiramos sementar, condicións climáticas da zona xeográfica onde se desenvolva o cultivo, alternativa forraxeira, condicións da explotación e data prevista de colleita.

Unha vez coñecido o intervalo de precocidade (días s-c) que se pode utilizar na explotación, e dado que o obxectivo será obter o maior rendemento de alimento aproveitable por unidade de superficie, escolleremos aquela variedade con maior **IP**. No caso de IP moi semellantes deberemos atender outros parámetros, como poden ser a porcentaxe de mazaroca, a dixestibilidade da materia orgánica ou a proteína bruta.

Nas seguintes páxinas, preséntanse os resultados das **33 variedades ensaiadas no ano 2024 en cada un dos catro campos. Estes datos son meramente informativos** e corroboran o comentado anteriormente; é desexable ou imprescindible dispor de resultados de máis dun ano para describir agronomicamente unha variedade de nunha zona debido á variación das condicións edafoclimáticas que provocan variacións interanuais para unha mesma variedade.

> O MÁIS IMPORTANTE PARA A CORRECTA ELECCIÓN DA VARIEDADE É DEFINIR OS DÍAS TRANSCORRIDOS ENTRE A SEMENTEIRA E A COLLEITA



## Ordes (A Coruña)

| VARIEDADE | DÍAS S-C | ALT | ESPIGA | RMS | RMOD | PB | COMERCIAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | (días) | (cm) | (%) | (t/ha) | (t/ha) | (%) | |
| Camarino | 116 | 300 | 53,0 | 17,9 | 12,8 | 5,3 | WAM |
| Ronaldinio | 116 | 265 | 53,1 | 17,9 | 13,0 | 5,6 | KWS |
| Atlantico | 126 | 315 | 53,0 | 19,7 | 14,0 | 6,0 | ROCALBA |
| B 2218 B | 126 | 254 | 60,0 | 17,8 | 12,8 | 5,0 | Procase Select |
| Codiese | 126 | 294 | 53,1 | 19,1 | 13,3 | 4,8 | WAM |
| Filmeno | 126 | 321 | 58,9 | 23,8 | 17,0 | 5,7 | ROCALBA |
| Kidemos | 126 | 276 | 60,3 | 20,7 | 14,9 | 5,0 | KWS |
| KWS Shako | 126 | 311 | 55,5 | 20,3 | 14,6 | 4,2 | KWS |
| LG 31.331 | 126 | 300 | 49,7 | 20,7 | 14,9 | 4,6 | LG |
| Mas 282 K | 126 | 274 | 55,5 | 17,3 | 12,5 | 5,3 | MAS Seeds |
| Rosaleen | 126 | 304 | 53,4 | 19,0 | 13,8 | 4,1 | ADVANTA |
| Volos | 126 | 284 | 63,3 | 19,3 | 13,8 | 4,9 | FITÓ |
| RGT Cedexx | 130 | 298 | 58,0 | 18,1 | 13,2 | 5,1 | RAGT |
| SY Torino | 130 | 277 | 55,3 | 17,2 | 12,4 | 4,4 | SYNGENTA |
| Agram | 133 | 312 | 58,5 | 16,8 | 12,1 | 4,8 | BC |
| BRV 2631B | 133 | 307 | 54,2 | 20,4 | 14,7 | 5,0 | PROCASE |
| Kalabre | 133 | 296 | 49,2 | 17,5 | 12,7 | 4,0 | HIGH CYCLE |
| LID 2888C | 133 | 294 | 56,9 | 18,3 | 13,3 | 5,2 | LIDEA |
| Mas 400 D | 133 | 311 | 52,8 | 17,8 | 12,7 | 4,6 | MAS Seeds |
| Oxxandro | 133 | 286 | 60,8 | 19,7 | 14,5 | 4,8 | RAGT |
| SY Fabio | 133 | 304 | 55,8 | 19,1 | 13,7 | 4,8 | SYNGENTA |
| 6130C | 141 | 290 | 60,8 | 20,8 | 14,8 | 4,3 | LIDEA |
| BC 323 | 141 | 291 | 68,0 | 25,0 | 18,5 | 5,3 | BC |
| BRV 2604 D | 141 | 292 | 75,5 | 24,1 | 18,2 | 5,8 | PROCASE |
| LID 5330C | 141 | 298 | 65,8 | 25,4 | 18,8 | 5,1 | LIDEA |
| LG 31.459 | 141 | 327 | 69,8 | 24,3 | 18,0 | 5,5 | LG |
| Mas 431.B | 141 | 308 | 71,6 | 21,4 | 15,8 | 5,0 | MAS Seeds |
| Osiko | 141 | 295 | 69,4 | 21,0 | 15,5 | 4,4 | HIGH CYCLE |
| Springstone | 141 | 309 | 65,0 | 22,7 | 16,7 | 5,0 | CS PRO |
| SY Artos | 141 | 301 | 72,7 | 25,4 | 19,0 | 5,6 | SYNGENTA |
| SY Stacio | 141 | 304 | 73,6 | 24,3 | 18,1 | 4,9 | SYNGENTA |
| Talabor | 141 | 287 | 70,4 | 24,2 | 18,2 | 5,3 | FITÓ |
| Traduxio | 141 | 287 | 68,6 | 21,8 | 16,1 | 5,3 | HIGH CYCLE |

## Ribadeo (Lugo)

| VARIEDADE | DÍAS S-C | ALT | ESPIGA | RMS | RMOD | PB | COMERCIAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | (días) | (cm) | (%) | (t/ha) | (t/ha) | (%) | |
| Agram | 126 | 338 | 55,9 | 25,6 | 17,4 | 6,0 | BC |
| Atlantico | 126 | 337 | 58,0 | 24,9 | 16,6 | 6,4 | ROCALBA |
| B 2218 B | 126 | 302 | 65,3 | 24,2 | 17,1 | 6,3 | PROCASE Select |
| BRV 2631B | 126 | 332 | 61,9 | 27,0 | 18,8 | 6,6 | PROCASE |
| Camarino | 126 | 326 | 60,7 | 24,3 | 16,6 | 6,1 | WAM |
| Codiese | 126 | 321 | 52,5 | 26,7 | 18,1 | 5,7 | WAM |
| Filmeno | 126 | 341 | 59,1 | 27,1 | 18,6 | 6,2 | ROCALBA |
| Kidemos | 126 | 300 | 62,3 | 23,7 | 16,6 | 6,0 | KWS |
| KWS Shako | 126 | 333 | 51,4 | 24,8 | 16,5 | 5,5 | KWS |
| LG 31.331 | 126 | 310 | 53,0 | 25,2 | 17,3 | 6,0 | LG |
| LID 2888C | 126 | 335 | 57,8 | 26,6 | 19,1 | 6,1 | LIDEA |
| Mas 282 K | 126 | 298 | 60,0 | 23,7 | 16,4 | 5,8 | MAS Seeds |
| RGT Cedexx | 126 | 315 | 59,6 | 26,7 | 18,5 | 5,9 | RAGT |
| Ronaldinio | 126 | 293 | 60,8 | 24,5 | 17,1 | 7,1 | KWS |
| Rosaleen | 126 | 340 | 59,1 | 25,3 | 17,2 | 6,1 | ADVANTA |
| SY Stacio | 126 | 319 | 59,4 | 25,5 | 17,8 | 5,3 | SYNGENTA |
| SY Torino | 126 | 288 | 62,3 | 25,9 | 18,4 | 5,7 | SYNGENTA |
| Volos | 126 | 309 | 56,3 | 24,0 | 15,5 | 5,7 | FITÓ |
| 6130C | 133 | 310 | 55,1 | 27,7 | 18,7 | 6,2 | LIDEA |
| BC 323 | 133 | 303 | 56,9 | 24,9 | 16,6 | 5,7 | BC |
| BRV 2604 D | 133 | 309 | 58,1 | 27,7 | 18,8 | 6,3 | PROCASE |
| Kalabre | 133 | 324 | 61,7 | 26,1 | 18,5 | 6,1 | HIGH CYCLE |
| LID 5330C | 133 | 301 | 61,4 | 26,0 | 18,1 | 6,2 | LIDEA |
| LG 31.459 | 133 | 330 | 58,4 | 28,7 | 20,0 | 6,1 | LG |
| Mas 400 D | 133 | 332 | 59,3 | 26,9 | 18,1 | 5,6 | MAS Seeds |
| Mas 431.B | 133 | 319 | 59,9 | 28,4 | 19,0 | 5,6 | MAS Seeds |
| Osiko | 133 | 318 | 58,3 | 29,3 | 20,2 | 6,2 | HIGH CYCLE |


Tu Oportunidad...
EXPERTIZE CS
CICLO FAO 500
SPRINGSTONE CS
CICLO FAO 400/5
CS 4250
CICLO FAO 300/2
caussadesemencespro
corn • maïs
CAUSSADE
semillas
Polígono Industrial Onzonilla. C/ Valle del Silencio. Parcela 27 • 24009 León
Telf.: 987 24 76 08 • 671 013 625 (Fernando) • 639 832 547
www.caussadesemillas.com • info@caussadesemillas.com

| VARIEDADE | DÍAS S-C (días) | ALT (cm) | ESPIGA (%) | RMS (t/ha) | RMOD (t/ha) | PB (%) | COMERCIAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Oxxandro | 133 | 298 | 60,6 | 27,5 | 19,0 | 6,2 | RAGT |
| Springstone | 133 | 321 | 59,8 | 29,1 | 20,0 | 5,9 | CS PRO |
| SY Artos | 133 | 321 | 62,9 | 27,2 | 18,5 | 6,3 | SYNGENTA |
| SY Fabio | 133 | 312 | 60,8 | 26,3 | 18,0 | 6,1 | SYNGENTA |
| Talabor | 133 | 292 | 63,4 | 26,8 | 18,8 | 6,5 | FITÓ |
| Traduxio | 133 | 300 | 60,2 | 27,9 | 19,6 | 6,4 | HIGH CYCLE |

## Sarria (Lugo)

| VARIEDADE | DÍAS S-C (días) | ALT (cm) | ESPIGA (%) | RMS (t/ha) | RMOD (t/ha) | PB (%) | COMERCIAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Atlantico | 106 | 293 | 54,5 | 17,1 | 12,3 | 4,3 | ROCALBA |
| BRV 2604 D | 106 | 270 | 63,2 | 16,9 | 11,9 | 4,3 | PROCASE |
| BRV 2631B | 106 | 291 | 50,2 | 17,1 | 12,1 | 3,9 | PROCASE |
| Camarino | 106 | 279 | 57,1 | 19,2 | 14,0 | 4,6 | WAM |
| Codiese | 106 | 295 | 53,4 | 18,9 | 13,6 | 4,7 | WAM |
| Kidemos | 106 | 268 | 56,7 | 17,0 | 12,4 | 4,4 | KWS |
| LG 31.331 | 106 | 282 | 49,1 | 15,5 | 11,4 | 3,4 | LG |
| Mas 282 K | 106 | 253 | 60,6 | 16,5 | 11,7 | 4,3 | MAS Seeds |
| Ronaldinio | 106 | 254 | 56,8 | 16,1 | 11,7 | 4,8 | KWS |
| Rosaleen | 106 | 289 | 46,1 | 16,7 | 12,0 | 3,5 | ADVANTA |
| Volos | 106 | 282 | 54,1 | 15,2 | 11,1 | 4,4 | FITÓ |
| 6130C | 115 | 270 | 52,8 | 17,2 | 12,1 | 3,6 | LIDEA |
| Agram | 115 | 292 | 56,6 | 14,9 | 10,5 | 4,1 | BC |
| B 2218 B | 115 | 255 | 67,6 | 15,6 | 11,3 | 4,4 | PROCASE Select |
| Filmeno | 115 | 297 | 63,6 | 18,9 | 13,6 | 4,8 | ROCALBA |
| Kalabre | 115 | 303 | 51,0 | 20,2 | 14,7 | 4,3 | HIGH CYCLE |
| KWS Shako | 115 | 298 | 57,6 | 19,5 | 14,0 | 4,1 | KWS |
| LID 5330C | 115 | 281 | 52,7 | 19,3 | 13,8 | 3,5 | LIDEA |
| LID 2888C | 115 | 278 | 56,3 | 14,5 | 10,2 | 3,8 | LIDEA |
| Mas 400 D | 115 | 287 | 54,6 | 15,4 | 11,0 | 4,1 | MAS Seeds |
| Mas 431.B | 115 | 275 | 58,0 | 18,0 | 12,5 | 4,3 | MAS Seeds |
| Osiko | 115 | 270 | 55,4 | 19,0 | 13,6 | 3,8 | HIGH CYCLE |
| RGT Cedexx | 115 | 277 | 58,4 | 17,3 | 12,5 | 4,7 | RAGT |
| SY Artos | 115 | 290 | 56,6 | 17,9 | 12,7 | 3,9 | SYNGENTA |
| SY Fabio | 115 | 290 | 56,3 | 17,6 | 12,3 | 3,9 | SYNGENTA |
| SY Torino | 115 | 276 | 58,2 | 17,3 | 12,2 | 3,6 | SYNGENTA |
| Talabor | 115 | 272 | 55,3 | 16,5 | 12,1 | 4,1 | FITÓ |
| Traduxio | 115 | 267 | 51,3 | 17,8 | 12,7 | 3,3 | HIGH CYCLE |
| BC 323 | 124 | 274 | 62,5 | 19,3 | 13,9 | 4,4 | BC |
| LG 31.459 | 124 | 299 | 58,6 | 19,9 | 14,5 | 4,1 | LG |
| Oxandro | 124 | 274 | 60,6 | 20,4 | 14,9 | 4,2 | RAGT |
| Springstone | 124 | 269 | 56,8 | 18,9 | 13,5 | 3,6 | CS PRO |
| SY Stacio | 124 | 285 | 63,1 | 19,9 | 14,4 | 3,9 | SYNGENTA |




PIONEER
MADE TO GROW™
El poder de la
genética
PIONEER
MADE TO GROW™
P1049
FAO 600 | CRM 110
LumiGEN
Tratamientos de Semillas
PIONEER
MADE TO GROW™
P0937
FAO 500/600 | CRM 109
LumiGEN
Tratamientos de Semillas
PIONEER
MADE TO GROW™
P0260
FAO 400 | CRM 102
LumiGEN
Tratamientos de Semillas
PIONEER
MADE TO GROW™
P9610
FAO 300 | CRM 96
LumiGEN
Tratamientos de Semillas
XESGA
CORTEVA
agriscience
Visítenos en: corteva.es I @cortevaES
®,™, SM Son marcas comerciales o de servicio de Corteva Agriscience y de sus compañías filiales. ©2025 Corteva.

## Silleda (Pontevedra)

| VARIEDADE | DÍAS S-C (días) | ALT (cm) | ESPIGA (%) | RMS (t/ha) | RMOD (t/ha) | PB (%) | COMERCIAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Atlantico | 100 | 313 | 45,3 | 21,7 | 15,4 | 6,3 | ROCALBA |
| Codiese | 100 | 320 | 41,7 | 23,7 | 16,7 | 5,9 | WAM |
| Filmeno | 100 | 322 | 40,5 | 22,7 | 16,0 | 5,8 | ROCALBA |
| Kidemos | 100 | 303 | 45,9 | 21,1 | 14,3 | 6,5 | KWS |
| KWS Shako | 100 | 308 | 38,1 | 24,7 | 17,5 | 5,3 | KWS |
| LG 31.331 | 100 | 292 | 34,0 | 19,8 | 14,3 | 4,8 | LG |
| Mas 282 K | 100 | 289 | 54,8 | 21,7 | 16,0 | 6,5 | MAS Seeds |
| RGT Cedexx | 100 | 288 | 41,0 | 22,0 | 15,1 | 6,3 | RAGT |
| Ronaldinio | 100 | 277 | 49,2 | 19,8 | 14,0 | 6,7 | KWS |
| Rosaleen | 100 | 329 | 39,4 | 24,0 | 16,9 | 5,9 | ADVANTA |
| Volos | 100 | 293 | 42,5 | 19,9 | 13,5 | 6,8 | FITÓ |
| B 2218 B | 111 | 295 | 48,2 | 26,7 | 19,9 | 6,6 | PROCASE Select |
| BRV 2631B | 111 | 303 | 50,5 | 26,0 | 19,3 | 6,9 | PROCASE |
| LG 31.459 | 111 | 305 | 46,6 | 20,1 | 15,1 | 6,2 | LG |
| LID 2888C | 111 | 291 | 50,4 | 21,8 | 16,3 | 5,7 | LIDEA |
| Mas 400 D | 111 | 266 | 44,1 | 22,4 | 16,4 | 5,9 | MAS Seeds |
| SY Artos | 111 | 282 | 50,1 | 21,5 | 15,8 | 6,6 | SYNGENTA |
| SY Torino | 111 | 285 | 49,5 | 22,7 | 16,7 | 6,1 | SYNGENTA |
| Camarino | 123 | 317 | 58,6 | 24,1 | 17,1 | 7,4 | WAM |
| Osiko | 123 | 300 | 52,8 | 26,4 | 18,8 | 6,3 | HIGH CYCLE |
| Traduxio | 123 | 305 | 53,8 | 25,3 | 18,1 | 6,6 | HIGH CYCLE |
| 6130C | 129 | 295 | 56,1 | 26,6 | 18,8 | 6,8 | LIDEA |
| Agram | 129 | 299 | 54,8 | 22,7 | 15,8 | 6,7 | BC |
| BC 323 | 129 | 288 | 61,9 | 24,0 | 16,6 | 6,9 | BC |
| BRV 2604 D | 129 | 300 | 61,7 | 23,3 | 16,3 | 7,5 | PROCASE |
| Kalabre | 129 | 268 | 37,2 | 18,4 | 13,0 | 6,2 | HIGH CYCLE |
| LID 5330C | 129 | 276 | 56,6 | 22,7 | 15,9 | 6,8 | LIDEA |
| Mas 431.B | 129 | 313 | 59,2 | 23,6 | 16,3 | 6,9 | MAS Seeds |
| Oxxandro | 129 | 287 | 62,8 | 25,7 | 18,7 | 6,9 | RAGT |
| Springstone | 129 | 283 | 57,8 | 25,4 | 18,1 | 6,4 | CS PRO |
| SY Fabio | 129 | 307 | 58,5 | 24,3 | 16,8 | 6,6 | SYNGENTA |
| SY Stacio | 129 | 296 | 63,2 | 23,4 | 16,7 | 6,9 | SYNGENTA |
| Talabor | 129 | 291 | 57,8 | 23,4 | 17,1 | 6,8 | FITÓ |

### REDE DE ENSAIOS EN COLABORACIÓN

- Departamento de Investigación e Transferencia (Agacal)
- Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (Agacal)
- Servizo de Sanidade e Produción Vexetal


### AGRADECEMENTOS

Agradecemos a súa dedicación e apoio aos propietarios das parcelas nas que se levan a cabo os ensaios, e aos técnicos a axuda e contribución no desenvolvemento deste traballo (persoal do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal Pedro Murias de Ribadeo, do Servizo de Explotacións Agrarias de Lugo e do Departamento de Investigación e Transferencia da Agacal de Santiago). ■






# Variedades de MAÍZ recomendadas en GALICIA

## Sciello
500 | 400
ciclo 450
Doble aptitud

## Foxway
400 | 300
ciclo 380
Doble aptitud

## Illustrado
400 | 300
ciclo 350
Grano

## Pompeo
300 | 200
ciclo 300
Doble aptitud

## Filmeno
300 | 200
ciclo 290
Doble aptitud

## Conbrio
300 | 200
ciclo 280
Doble aptitud

www.rocalba.es